

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

16332 *ORDE APA/2861/2006, do 11 de setembro, pola que se modifica o Regulamento de inscrición de variedades de especies hortícolas. («BOE» 224, do 19-9-2006.)*

Co fin de adaptar o Regulamento de inscrición de variedades de especies hortícolas, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, e atendendo á demanda efectuada polo sector obtentor e produtor de sementes de especies hortícolas, para que se permita a inscrición de híbridos interespecíficos do xénero *Cucúrbita* e híbridos interespecíficos do xénero *Lycopersicon*, faise necesario modificar os anexos A, B, C e D do citado regulamento, coa inclusión destas novas especies e establecendo as datas límite de presentación de solicitudes de inscrición para as novas especies, así como as datas de recepción e cantidades de material vexetal destinado á realización dos preceptivos ensaios.

Na elaboración da presente orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades más representativas do sector afectado.

Na súa virtude, dispono:

Artigo único. Modificación do Regulamento de inscrición de variedades de especies hortícolas, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986.

Os anexos A, B, C e D do Regulamento de inscrición de variedades de especies hortícolas substitúense polos seguintes:

«ANEXO A

Especies incluídas no ámbito de aplicación do regulamento

Acelga	Beta vulgaris L. var. vulgaris
Chicoria industrial	<i>Cichorium intybus</i> L. (partim)
Alcachofa	<i>Cynara scolymus</i> L.
Apio	<i>Apium graveolens</i> L.
Berenxena	<i>Solanum melongena</i> L.
Borraxe	<i>Borago officinalis</i> L.
Brócoli	Brássica olerácea L. convar. <i>botrytis</i> Alef. Var. <i>cynosa</i> Duch.
Cabaza	<i>Cucurbita maxima</i> Dush.
Cabaza de peregrino	<i>Legenaria siceraria</i> (Molina) Standl.
Cabaza moscada	<i>Cucurbita moschata</i> Dush.
Cabaciña	<i>Cucurbita pepo</i> L.
Cardo	<i>Cynara cardunculus</i> L.
Cebola	<i>Allium cepa</i> L.
Ceboliña	<i>Allium fistulosum</i> L.
Cebolo	<i>Allium schoenoprasum</i> L.
Charouvíña	<i>Pastinaca sativa</i> L.
Col de Bruxelas	Brássica olerácea L. convar. <i>oleracea</i> var. <i>gemmifera</i> DC.
Col de Milán	Brássica olerácea L. convar. <i>capitata</i> L. Alef. var. <i>sabauda</i> L.
Coliflor	Brássica olerácea L. convar. <i>botrytis</i> L. Alef. var. <i>botrytis</i> L.
Nabicol	Brássica napus L. var. <i>napoibrassica</i> L. Reich.
Colirravo	Brássica olerácea L. var. <i>acephala</i> DC. Alef. var. <i>Gongylodes</i>
Col de China	Brássica pekinensis (Lour) Rupr.

Col forraxeira ou verza	Brássica olerácea L. convar. <i>acephala</i> DC. Alef. var. <i>sabellica</i> L.
Endivia	<i>Cichorium intybus</i> L. (partim)
Escarola	<i>Cichorium endivia</i> L.
Espárrago	<i>Asparagus officinalis</i> L.
Espinaca	<i>Spinacea olerácea</i> L.
Chícharo	<i>Pisum sativum</i> L. (partim).
Fabas	<i>Vicia faba</i> L. (partim).
Híbridos interespecíficos do xénero Cucúrbita	
Híbridos interespecíficos do xénero <i>Lycopersicon</i>	
Fiúncho	<i>Foeniculum vulgare</i> Miller.
Feixón	<i>Phaseolus vulgaris</i> L.
Feixón escarlata	<i>Phaseolus coccineus</i> L.
Leituga	<i>Lactuca sativa</i> L.
Lombarda	Brássica olerácea L. convar. <i>capitata</i> L. Alef. var. <i>rubra</i> DC.
Melón	<i>Cucumis melo</i> L.
Nabo	Brássica rapa L. var. <i>rapa</i>
Cogombro	<i>Cucumis sativus</i> L.
Pereixil	<i>Petroselinum crispum</i> (Miller) Nyman. ex. A.W. Hill.
Cerefolio	<i>Anthriscus cerefolium</i> L. Hoftm.
Pemento	<i>Capsicum annum</i> L.
Allo porro	<i>Allium porrum</i> L.
Ravo e raviño	<i>Raphanus sativus</i> L.
Remolacha de mesa	<i>Beta vulgaris</i> L. var. <i>conditiva</i> Alef.
Repolo	Brássica olerácea L. convar. <i>capitata</i> L. Alef. var. <i>alba</i> DC.
Barba cabreira	<i>Tragopogon porrifolium</i> L.
Escorzoneira	<i>Scorzonera hispánica</i> L.
Sandía	<i>Citrullus lanatus</i> (Thunb.) Matsum. et Nakai.
Tomate	<i>Lycopersicon lycopersicum</i> L. Karrsten ex. Farw.
Cenoria	<i>Daucus carota</i> L.

ANEXO B

Datas límite de presentación de solicitudes

1 de xaneiro: espárrago

1 de febreiro: feixón e feixón escarlata

1 de marzo: acelga, chicoria, apio, borraxe, brócoli, cardo, col de Bruxelas, col de Milán, col forraxeira ou verza, col de China, coliflor, nabicol, colirravo, endivia, escarola, fiúncho, lombarda, ravo e raviño, remolacha de mesa, repolo, barba cabreira, escorzoneira e cenoria.

1 de abril: nabo, pereixil e espinaca.

1 de maio: alcachofa.

1 de xuño: berenxena, cabaciña, cebola de cedo, ceboliña, cebolo, híbridos interespecíficos do xénero *Lycopersicon*, leituga, melón, cogombro, cerefolio, pemento, tomate.

1 de agosto: fabas.

15 de agosto: chícharo.

1 de novembro: berenxena, cabaza, cabaza de peregrino, cabaza moscada, cabaciña, cebola serodia, charouvíña, híbridos interespecíficos do xénero *Cucúrbita*, leituga, melón, cogombro, pemento, allo porro, sandía e tomate.

ANEXO C

Material necesario para ensaios (envío só primeiro ano)

Acelga	200 gramos
Chicoria silvestre	100 gramos.
Alcachofa	60 gramos, ou 120 zuecas

Apio	15 gramos
Berenxena	20 gramos
Borraxe	250 gramos.
Brócoli	60 gramos.
Cabaza	800 gramos
Cabaza de peregrino	800 gramos.
Cabaza moscada	800 gramos.
Cabaciña	600 gramos
Cardo	100 gramos
Cebola	100 gramos
Ceboliña	100 gramos
Cebolo	100 gramos
Charouvía	50 gramos
Col de Bruxelas	60 gramos
Col de Milán	60 gramos
Col foraxeira ou verza	60 gramos.
Col de China	60 gramos.
Coliflor	60 gramos
Nabicol	60 gramos.
Colirravo	60 gramos
Endivia	60 gramos
Escarola	50 gramos
Espárrago	250 gramos de semente e 120 zarpas
Espinaca	300 gramos
Chícharo	5 quilogramos
Fabas	6 quilogramos
Fiúncho	50 gramos.
Híbridos interespecíficos do xénero Cucúrbita	800 gramos
Híbridos interespecíficos do xénero Lycopersicon	20 gramos
Feixóns	6 quilogramos
Feixóns escarlata	6 quilogramos
Leituga	70 gramos
Lombarda	60 gramos
Melón	150 gramos
Nabo	300 gramos
Cogombro	70 gramos
Perekil	25 gramos
Cerefolio	50 gramos.
Pemento	45 gramos
Allo porro	50 gramos
Ravo e raviño	150 gramos
Remolacha de mesa	200 gramos
Repolo	60 gramos
Barba cabreira	50 gramos.
Escorzoneira	50 gramos
Sandía	150 gramos
Tomate	20 gramos
Cenoria	50 gramos

ANEXO D

Data límite de entrega de material

1 de febreiro: espárrago

1 de marzo: feixón e feixón escarlata

1 de abril: acelga, chicoria, apio, borraxe, brócoli, cardo, col de bruxelas, col de Milán, col foraxeira ou verza, col de China, coliflor, nabicol, colirravo, endivia, escarola, fiúncho, lombarda, ravo e raviño, remolacha de mesa, repolo, barba cabreira, escorzoneira e cenoria.

1 de maio: nabo, perekil e espinaca.

1 de xuño: alcachofa.

1 de xullo: berenxena, cabaciña, cebola do cedo, ceboliña, cebolo, híbridos interespecíficos do xénero Lycopersicon, leituga, melón, cogombro, cerefolio, pemento, tomate.

1 de setembro: chícharos e fabas.

1 de decembro: berenxena, cabaza, cabaza de peregrino, cabaza moscada, cabaciña, cebola serodia, cha-

rouvíá, híbridos interespecíficos do xénero Cucúrbita, leituga, melón, cogombro, pemento, allo porro, sandía e tomate.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 11 de setembro de 2006.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

16664 *REAL DECRETO 1019/2006, do 8 setembro, polo que se modifica o artigo 13 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro. («BOE» 228, do 23-9-2006.)*

Os acordos que regulan a readmisión das persoas en situación irregular subscritos por España con outros países, son instrumentos que contribúen a lograr unha maior eficacia no control da inmigración irregular, ao establecer un réxime de readmisión recíproco adaptado ás peculiaridades dos Estados parte.

A aplicación dos devanditos acordos manifestou a conveniencia de modificar o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, para recoller, expresamente, xunto coa denegación de entrada no territorio español, que con carácter xeral se regula no seu artigo 13 para os estranxeiros que non cumplan os requisitos exixidos no citado regulamento, un suposto de denegación de entrada no territorio español, con carácter específico, para aqueles estranxeiros aos que sexa de aplicación un acordo que regule a readmisión das persoas en situación irregular subscrito por España.

Neste suposto de denegación de entrada garántese que os funcionarios responsables do control facilitarán, con carácter previo á denegación, a información a que se refire o artigo 26.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais, de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de setembro de 2006,

D I S P O Ñ O :

Artigo único. *Modificación do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro.*

Incorpórase un segundo parágrafo ao punto 1 do artigo 13 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, coa seguinte redacción: